

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 31 de marzo de 2014

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 21:00 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 17 E 24 DE MARZO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 17 e 24 de marzo de 2014.

**SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**

**2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE ANEXO DO PLAN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS), INCLUÍDAS NO PLAN DE OCUPACIÓN ANO 2014**

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

## **URBANISMO E VIVENDA**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 27 DE MARZO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

## MENORES

EXPEDIENTE Nº 24.859.- A Manuela Garcia Lorenzo, con enderezo en Baixada a Praia de Nerga, para en Baixada a Praia de Pintens - Hio, construír un cerco de 70,22 metros, de conformidade coa documentación presentada, autorización da Censellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 6 de novembro de 2.013 e a que a efectos de amortiguar o impacto visual, deberase tapizar o cerco con setos vexetais.

EXPEDIENTE Nº 24.875.- A Encarnación González Martínez, con enderezo en Baixada o Peirao 4 - Aldan, para pintado de parede medianeira no referido lugar.

EXPEDIENTE Nº 24.891.- A NEUMATICOS Y MANTENIMIENTO MORRAZO S.L., con enderezo en Seixo 2 - baixo - Cangas, para no referido lugar, acondicionar interiormente un local de 200,95 m<sup>2</sup>, que se destinará a cambio de neumáticos, de conformidade co proxecto de outubro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.932.- A Celia Molanes González, con enderezo en Barrio das Flores 27 - Darbo, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta en 109,00 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de febreiro de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 23.846.- O tramitado a instancia de Josefa Piñeiro Broullón, con enderezo en Ramal Paraiso 9 - Darbo., para legalización de muro de contención no referido lugar, foi denegado porque os límites da propiedade non coinciden coas establecidas na licenza de parcelación nº 20.715.

## MAIORES

EXPEDIENTE Nº 24.899.- A José María Docampo Menduiña, con enderezo en Avda.de Marin 9 - 2o B - Pontevedra, para en Cruz de Castro - Hio, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 77,95 m2 de semisito, 138,10 de planta baixa, 106,20 de primeiro andar, 43,85 de terrazas, e dous tramos de cerco de 22,35 e 134,78 metros, de conformidade co proxecto básico de xuño de 2.013, a que antes do inicio das obras, presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais, a executar a conexión coas redes dos servizos públicos, a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza e as condicións impostas pola Deputación Provincial en escritos de data 24 de outubro de 2.013.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 11 de marzo de 2.014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 300,00 euros.

EXPEDIENTE Nº 22.952.- O tramitado a instancia de Armando Troncoso Curras, con enderezo en Miranda 8 - Coiro, para colocación de ponte grúa en nave existente no referido lugar, foi denegado porque a edificación existente é totalmente incompatible coa ordenación urbanística en vigor. Trátase dúnha construción e un uso non autorizable e ex novo en SNUA vistos os artigos 28 da LOUGA e a ordenanza 12 de aplicación das Normas Subsidiarias de P'laneamento Municipal. Resultaríala de aplicación o art. 103 da LOUGA que solo permite obras necesarias e de mera conservación dentro das cales non se atopa a instalación de unha ponte grúa.

## APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

EXPEDIENTE Nº 1.696.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR IRIA PAREDES MARTINEZ.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a gabinete de psicología, en Fonte do Galo 5 - Cangas, peticiónada por Iria Paredes Martinez, con enderezo en Jaime Janer 58 - Io E - Marin tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación de data 19 de marzo de 2014.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.710.- AMPLIACION DE ACTIVIDADE PETICIONADA POR JOSE MANUEL HERMELO VIDAL.- a Xunta de Goberno Local acorda conceder licenza de ampliación de actividade existente de perruqeria, sita en Avda. E Marin 16 - baixo - Cangas, que agora se destinará a perruqeria e academia.

#### COMUNICACIONES PREVIAS

Nº 24.933.- ANCORADOURO S.L.,cerco en Cimadevila - Darbo.

Nº 24.936.- COMUNIDADE DE PROPOIETARIOS EDIFICIO RUA BAIONA 8, obras de conservación e mantemento no referido lugar.

Nº 24.937.- Ana Novas Martinez, beirarrua en Rio de Esteiro 22 - Hio.

Nº 24.942.- Josefa Acuña Fandño, reparacións interiores e exteriores en Estrela 12 - Cangas.

Nº 24.944.- Ana Belen Lago Moreira, cerco en Nerga - Hio.

Nº 24.94 6.- Xurxo Xoan González Conde, legalización edificacións adxetivas.

Nº 1.714.- PIZALIS C.B., cambio titularidade de bar pizzeria en Antonio Garelli.

Nº 1.720.- SANDA C.B., actividade de tintorería en Valentín Losada 32.

Nº 1.722.- CORPEN PLAZA S.L., cambio titularidad cafe bar en Mendez Nuñez 27 - Cangas.

\*\*\*

#### 3.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

#### 3.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

### 3.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

### 3.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

### 3.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.687.- A Beatriz Barreiro Costa, con enderezo en Ourelo 18 - Darbo, para no referido lugar, reformar a cuberta en 97, 50 m2., foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

\*\*\*

### 3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparellador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

\*\*\*

### 3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

#### 4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

##### 4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 48/2011

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.3.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 48/2011, que é como segue:

*"EXPEDIENTE Nº 48/2011*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Mendiña-Aldán, consistentes en: instalación de 3 postes de formigón de tendido aéreo para dar subministración de corrente eléctrica a un predio.*

*O día 5 de marzo de 2012 a Xunta de Goberno Local denega licenza (23025-C) para realizar as referidas instalacións.*

*Resultando que, segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Rafael Rodríguez Alvarez, promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo*

*artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, proponían probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*



*NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 48/2011.

#### 4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 4/2011

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.3.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 4/2011, que é como segue:

*"EXPEDIENTE Nº 4/2011*

##### *PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Resultando que no lugar de Areabrava-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar cimentación/muro de contención cunha altura de superficie aproximada 1,50 metros.*

*Resultando que, a Xunta de Goberno Local con data 19 de marzo do 2012 concede licenza nº 23035 para legalizar as referidas obras.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Teresa Miniño González, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, proponhan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 4/2011.

#### 4.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 36/2011-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.3.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 36/2011-S, que é como segue:

*"PROPOSTA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 36/2011-S*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Areacoba-Aldán, consistentes en: realizar a ampliación de vivenda sen recuar os 4,00 metros do eixo do camiño, tal e como sinalaba a licenza concedida nº 22421. Indicar que este cerramento non recuado foi enfoscado pintado e ampliado cunha balaustrada de pedra.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Florinda Areal López, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de*

*decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 36/2011-S.

#### 4.D) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 24/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 24.3.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 24/2011-S*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño do 2013, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Juan Rafael Pérez Abilleira, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, se efectuaron no lugar de Rabáns-O Hío, obras consistentes en realizar un desmorte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4,00 metros de alto, nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de máis de 2,50 metros, a menos de 4,00 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*O día 18 de setembro de 2013, o inspector municipal emite informe no que sinala que: 'Presentado no lugar compróbase que se recuou o muro da fronte da parcela ata os 4 m. do eixo do camiño pero seguen en pé moitos muros que sobrepasan amplamente os 0,70 m. de alto e que son de contención, e que por riba deles se coloca un perpiaño de aprox. 0.40 m., de alto a modo de cerramento de predio, así como, non foi repostada a rasante natural.'*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 28 de outubro de 2013, nº de rexistro de entrada 12439, presenta escrito de alegacións nas que en síntese manifesta:*

- Que as obras están en fase de execución axustándose á licenza de legalización outorgada o pasado 2 de abril de 2013 (23.427) e que se suspenda o procedemento sancionador mentres non finalicen as obras que axustarán o executado á licenza nº 23.427.*

*En relación ás alegacións presentadas sinalar que o artigo 216 da LOUG puntualiza que: ' ..Toda infracción urbanística implicará a imposición de sanción ós responsables, así como, a obrigação de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, todo isto con independencia das medidas previstas na sección anterior...'. Este texto legal establece o prazo para resolver o expediente sancionador de un ano.*

*O artigo 220 establece que: 'O responsable da infracción terá dereiro a unha redución do 80% da multa que deba impoñerse, no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador'. Esta é unha posibilidade prevista pola lei cun límite temporal e de aplicación voluntaria para o infractor (antes da resolución do sancionador como xa se lle comunicou una resolución de inicio do expediente de data 17 de xuño de 2013) polo que non resulta de aplicación neste suposto visto o informe da inspección de data 24 de marzo compróbase que non foi repostada a legalidade urbanística. Tampouco se pode suspender o procedemento sancionador toda vez que non se dá ningún presuposto legal que habilite tal suspensión.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada e o informe emitido polo arquitecto municipal o día 18 de abril de 2013.*

*CUARTO.- Que Juan Rafael Pérez Abilleira, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á*

*gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua la sanción a impoñer na súa contía 6.001 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas por Juan Rafael Pérez Abilleira o día 28 de outubro de 2013 polos razonamentos expostos no corpo deste escrito.*

*SEGUNDO.- Impoñer a Juan Rafael Pérez Abilleira, na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de 6.001 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Rabáns-O Hío, consistentes en realizar realizar un desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 metros de alto, nun predio de aproximadamente 3.000 m2., e un muro de contención de máis de 2,50 metros, a menos de 4 metros do eixo do camiño.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 24/2011-S.

#### 4.E) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 13/2011-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.3.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 13/2011-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 13/2011-S*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilariño-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento no fronte da parcela a menos de 6 metros do eixo da estrada.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Roberto Novas Mendiña, promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.*



*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 13/2011-S.

#### 4.F) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 19/2011-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.3.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 19/2011-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 19/2011-S*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Trigás-Coiro, consistentes en: realizar un cobertizo de aproximadamente 30 m<sup>2</sup>., en bloques de formigón e cuberta metálica arrimada a lindeiro e ampliando outro cobertizo existente superando a superficie permitida para edificacións adxetivas.*

*Resultando que o arquitecto municipal con data 25 de marzo do 2014 informa que as obras descritas no informe da inspección se consideran non legalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación URNU, tipificadas como graves.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Rosa García Queimaño, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 19/2011-S.

**SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

## **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 21.3.14, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Visto o escrito presentado pola beneficiaria do Servizo municipal de axuda no fogar e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* BAIXA do SAF a A. Rosales García, beneficiaria pola quenda de libre concorrencia con expediente nº 36008/01/001012."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL**

### 6.A) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 31.3.14, relativa concesión económica do Servizo Municipal de Emerxencia Social, que di:

### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Estanislao Graña García, Xefe de Servizo do Centro Municipal do Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).*

*Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (273,81 €) a Carlos Montenegro Castillo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### 6.B) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 25.3.14, relativa concesión económica do Servizo Municipal de Emerxencia Social, que di:

##### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Estanislao Grana García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)*

*Con base no informe da traballadora social de data 21 de marzo do ano que andamos, propón a concesión da axuda económica municipal de emerxencia social solicitada por José M<sup>a</sup> Linares Sánchez por un importe de CATROCENTOS EUROS (400,00 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

##### **7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL**

Examinada a proposta da Alcaldía do día 31.3.14, referente a adxudicación da concesión demanial de uso privativo dos postos vacantes no Mercado de Abastos Municipal, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS VACANTES NO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL.*

*Visto o expediente tramitado para a adxudicación da concesión demanial de uso privativo de sete postos vacantes no Mercado de Abastos Municipal.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor dos licitadores que presentaron a oferta máis vantaxosa.*

*Visto que os licitadores achegaron en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva e aboou os gastos do anuncio de licitación.*

*Visto que tres licitadores que optaban ao posto de peixaría nº 47 renunciaron á súa adxudicación.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Declarar válido o procedemento tramitado para a adxudicación da concesión demanial de uso privativo de sete postos vacantes no mercado de abastos municipal.*

*Segundo.- Aprobar a proposta realizada pola mesa de contratación e en consecuencia, adxudicar cada un dos postos vacantes aos licitadores que acadaron unha maior puntuación, e que son:*

- Posto de peixaría nº 23: Sara Juncal Calleja, con DNI nº 39485119-F (canon ofertado: 15.551,00 euros).*
- Posto de peixaría nº 45: Daniel Pousa Bacelar, con DNI nº 77013107-E (canon ofertado: 12.000,00 euros)*
- Posto de peixaría nº 46: Carlos Gil Costas, con DNI nº 768111291-P (canon ofertado: 10.000,00 euros)*
- Posto de carnicería nº 6: Alberta Santos Gómez, con DNI nº 52497653-S (canon ofertado: 33.500,00 euros)*
- Posto de carnicería nº 11: Félix López García, con DNI nº 36036546-P (canon ofertado: 17.000,00 euros).*

*Antes da formalización da concesión os adxudicatarios deberán facer efectivo o importe do canon ofertado no nº de conta 2080 5022 15 3110008929.*

*Terceiro.- Aceptar as renuncias realizadas polos licitadores que optaron ao posto de peixaría nº 47, e requirir á seguinte licitadora que obtivo mellor puntuación para que achegue a documentación necesaria para a adxudicación.*

Cuarto.- Declarar deserta a licitación respecto do posto de carnicería nº 22.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía, referente a adxudicación da concesión demanial de uso privativo dos postos vacantes no Mercado de Abastos Municipal.

### **8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A CESIÓN DE UN DESPACHO NO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS A "BITGALIA ENXEÑERÍA, S.L.L."**

Vista a proposta da Alcaldía do día 24.3.14, referente a adxudicación do contrato para a cesión de un despacho no Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, a "BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.", que é como segue:

*"PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A CESIÓN DE UN DESPACHO NO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS A 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.' (antes IXENIA INGENIEROS, S.L.)*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a cesión de un despacho no Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas a 'IXENIA INGENIEROS, S.L.'.*

*Vista a proposta da mesa de contratación realizada o día 16.08.2013 relativa á adxudicación de un despacho no Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas a 'IXENIA INGENIEROS, S.L.', e o requirimento de documentación para a adxudicación realizado en data 30 de agosto de 2013.*

*Vista a solicitude de prórroga para inicio de actividade realizada polos promotores do proxecto, Borja Malvido García e Andrés Romero Martínez, por atoparse en proceso xudicial de resolución de relación laboral.*

*Vista a documentación para a adxudicación achegada polos promotores do proxecto en días 23 de xaneiro de 2014, 5 de marzo de 2014, 10 de marzo de 2014, 14 de marzo de 2014 e 20 de marzo de 2014, consistente en: solicitude de cambio de nome do proxecto para a adxudicación de un despacho no VES de Cangas de 'IXENIA INGENIEROS, S.L.', a 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', escritura de constitución de sociedade de responsabilidade limitada laboral, inscrición no Rexistro Mercantil, declaración censal modelo 036, certificados de estar ó corrente coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, e co ORAL, de ter pagados os*

*gastos que lle corresponden no anuncio de licitación, e que, así mesmo, se depositou garantía definitiva en metálico depositada na tesourería municipal.*

*Visto que por Resolución de Alcaldía do día 16.06.2011, se delegaron na Xunta de Goberno Local as competencias en materia de contratación, a Xunta de Goberno Local,*

**ACORDA:**

*Primeiro.- Adxudicar a 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', con CIF nº B 94093424 o contrato para a cesión do despacho B no Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, polo importe anual de NOVECIENTOS EUROS (900,00 €), e cunha duración de un ano, contado a partir da data da súa formalización. Á finalización do prazo contractual poderá establecerse unha prórroga de 6 meses de duración, que deberá ser feita de forma expresa, previa solicitude motivada da adxudicataria, todo iso de acordo co establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexeron esta contratación.*

*Segundo.- Notificar a 'BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L.', a adxudicación do contrato, e citala para a sinatura deste.*

*Terceiro.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.*

*Cuarto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato para a cesión de un despacho no Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, a "BITGALI ENXEÑERÍA, S.L.L."

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **9º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

#### **9.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario



da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E DNI</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
JESÚS M. GARCÍA MARTÍNEZ DNI nº 5.497.659-K	Avda. de Vigo, nº 128-B-Cangas.	Avda. de Vigo, nº 128-B-Cangas. Autorízase, así mesmo, o pintado de liñas amarelas no referido lugar.
INDALECIO NOVAS LEMOS DNI nº 35.935.024-P	Baixada a Praia de Arneles, nº 1-O Hío.	R/David Cal, nº 11-O Hío. Autorízase, así mesmo, o pintado de liñas amarelas no referido lugar.

#### 9.A.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN CAMIÑO VELLO DE RODEIRA.

Visto o informe emitido o día 31.3.14 pola Policía Local, referente a solicitude realizada por Ruth M<sup>a</sup> Comesaña Peleteiro, con enderezo en Camiño Vello de Rodeira, nº 4-1<sup>o</sup>-Coiro, para sinalización en zona do Colexio da Casa da Virxe en Rodeira, que di o seguinte:

*"A XEFATURA DA POLICÍA LOCAL de Cangas, por medio do presente escrito fai constar que con relación á solicitude que se achega sobre vía en Camiño Vello de Rodeira e unha vez feita inspección ocular na zona, sería conveniente proceder a colocar regulamentariamente un sinal S-15 a, de presinalización de calzada sen saída."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

### **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

#### **10º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

##### 10.A) AUTO DE 21/03/2014 RECAÍDO NO XUÍZO DE FALTAS 1140/2013 (X-13/23)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- Denunciante: María Luisa Prieto Rial (Concello de Cangas)

- Obxecto: danos en sinais de tráfico de titularidade municipal, os denunciados acordaron coa denunciante aboar o importe dos danos solicitados polo concello, o que fixeron.

- Contido: decreta a extinción da responsabilidade e o arquivo das dilixencias.

- Recursos: recurso de reforma e subsidiario de apelación no prazo de tres días seguintes á notificación (27/03/2014) ou directo de apelación en cinco días.

10.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 14/2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 142/2013 (X-13/10)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 28.3.14, referente a Sentenza nº 14 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 14/2014, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 142/2013 (X-13/10)*

*Vista a Sentenza nº 14/2014 ditada en data 21.01.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, instruído a instancia da mercantil 'HPC IBÉRICA, S.A.'*

*Visto que a referida sentenza é firme e que nesta se condena ao Concello de Cangas a aboarlle á reclamante a cantidade de 61.868,84 €, en concepto de principal máis os xuros que siga xerando ata o completo pago e os custos.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 14/2014, ditada en data 21.01.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, instruído a instancia da mercantil 'HPC IBÉRICA, S.A.'*

*Segundo.- Que o departamento de Intervención realice os trámites necesarios co fin de recoñecer a obriga polo importe adebedado.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a Sentenza nº 14 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL- 2014**

Examinada a proposta do concelleiro de Cultura, Edudación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, do día 27.3.14, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para o programa do Servizo de Voluntariado Xuvenil-2014, que di o seguinte:

*"PROPOSTA*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL-2014*

*Examinada a Orde da Consellería de Traballo e Benestar do día 26 de febreiro de 2014, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.*

*Co fin de ampliar e manter o banco de intercambio de libros de texto creado no ano 2013, para que as familias poidan donar e acceder aos libros, prolongando a vida útil destes, para facilitar o inicio escolar a familias con escasos recursos económicos e contribuír ao coidado do medio ambiente.*

*Visto o proxecto redactado pola técnica da Oficina Municipal de Voluntariado de Cangas, M<sup>a</sup> del Mar Núñez Villar, denominado 'Banco de libros de texto, difusión do servizo e ampliación e mantemento dos fondos bibliográficos'.*

*Reunindo todos os requisitos que se especifican na orde de convocatoria, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar ó abeiro da orde citada, unha axuda económica polo importe de TRES MIL TRESCENTOS EUROS (3.300,00 €) para desenvolver o proxecto denominado 'Creación e posta en marcha dun banco de libros de texto'.*

*Segundo.- Declarar que para a realización do proxecto que se solicita, non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*Terceiro.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente, José Enrique Sotelo Villar, con DNI 35 285 485-N, a asinar a solicitude e demais documentos da subvención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para o programa do Servizo de Voluntariado Xuvenil-2014.

## **B) SOLICITUDE DE PABLO MARTÍNEZ ÁLVAREZ S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE CASETA PARA VENDA DE SANDÍAS E MELÓNS.**

Examinado o escrito presentado o día 27.3.14, por PABLO MARTÍNEZ ÁLVAREZ, con DNI nº 9.309.842-V e por MARTA NAVARRO CASAL, con DNI nº 9.335.483-J, con enderezo en rúa La Cañada, nº 22-Viana de Cega-47.150-Valladolid, relativo á solicitude de autorización para a instalación temporal de caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira, no período estival que vai do 1 de xuño ata o 31 de agosto de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, **conceder autorización ó Sr. Martínez Álvarez e á Sra. Navarro Casal, para a instalación de caseta destinada á venda de sandías e melóns, durante o período que vai do 1 de xuño ó 31 de agosto de 2014, cunha ocupación de 12,00 m<sup>2</sup>, no lugar de Rodeira que lle sinale o concelleiro delegado de Servizos, condicionada a presente autorización a previo acordo de cambio de situación dos colectores do lixo, así como, á obtención de autorizacións preceptivas.**

A autorización da instalación deberá condicionarse ás seguintes:

### CONDICIÓNS

- a) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación con caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira. Prohíbese calquera outro destino.
- b) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pagamento da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.
- c) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.
- d) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo/s beneficiario/s da autorización.
- e) A aceptación polo/s beneficiario/s da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio de administracións públicas.
- f) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.
- g) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 31 de agosto de 2014.
- h) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.
- i) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para a tempada de verán do ano 2014.
- j) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.
- k) No non previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio de administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

### **C) SOLICITUDE DE JOSÉ M. FERNÁNDEZ PAZ S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.**

Vista a solicitude presentada o día 27.3.14 por JOSÉ M. FERNÁNDEZ DÍAZ, con enderezo en Balvón, nº 16-B-Agudelo-Barro-Pontevedra, na que reclama autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación dun posto de 60,00 m2., a instalar en fronte da pista de futbito sita no Paseo dos Xardíns do Señal, desde o 17 ata o 20 de abril do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe desfavorable emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude do Sr. Fernández Díaz, porque os días pretendidos para a instalación a zona está ocupada polo aparcamento de vehículos e polo mercadiño municipal.

**D) SOLICITUDE DA "ASOCIACIÓN DE AFECTADOS MEDULARES POR ACCIDENTE DE TRÁFICO" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.**

Vista a solicitude presentada o día 5.3.14 pola 'ASOCIACIÓN DE LESIONADOS MEDULARES POR ACCIDENTE DE TRÁFICO', con enderezo social en Rúa de la Ceiba, nº 1-4º 1-28.005-Madrid, na que reclaman autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación de 'jaimas' nunha superficie de 216,00 m2., para os días que van do 29 de xullo ao 24 de agosto do ano que andamos, con motivo de dar información e sensibilidade para evitar accidentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe desfavorable emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude da referida asociación, porque os días pretendidos para a instalación a zona estará ocupada con motivo da feira de artesanía, ARGÁLICA.

**ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente